

A CONSELLERÍA DE SANIDADE E O EIT HEALTH DEBATEN SOBRE O IMPACTO DA INTELIXENCIA ARTIFICIAL EN SAÚDE

EIT Health Spain e a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Sanidade, debullan as principais conclusións do foro de discusión **EIT Health Think Tank** sobre o impacto da IA en Saúde.

O obxectivo deste **evento virtual** é ofrecer esta información aos axentes relevantes do sector da saúde, os datos e a IA, discutindo conxuntamente a **mellor estratexia para abordar o impacto da IA no sector**, os seus profesionais e os propios cidadáns.

Neste evento participarán como relatores **Cristina Bescós**, directora xeral de EIT Health Spain, que expoñerá as principais conclusións do informe, **Julio García Comesaña**, Conselleiro de Sanidade da Xunta de Galicia, que falará da estratexia galega ao redor da implementación da IA en saúde, e **Alberto Iglesias**, moderador do evento e experto en tecnoloxía e I+D.

Por iso comprácenos convidarche a este evento para que sexas testemuña de primeira man do futuro da IA en saúde: [Rexístrate aquí](#)

CONTIDOS RELACIONADOS

Páxina web do
evento

EIT Health

Axenda

10:00 - 10:05: Benvida a cargo do moderador Alberto Iglesias

10:05 - 10:10: Benvida da Consellería de Sanidade por parte do seu principal responsable, Julio García Comesaña

10:10 - 10:30: Benvida e presentación de resultados do EIT Health Think Tank en España por parte de Cristina Bescós

10:30 - 11:25: Conversación entre Cristina Bescós e Julio García Comesaña moderada por Alberto Iglesias

11:25 - 11:30: Peche a cargo do moderador Alberto Iglesias